




# Concello da Coruña

Área / Unidad EDUCACION ED0000 AQR	Documento 23618I005M	Bases idiomas do Mundo 2024
Código de verificación  616Y 3423 1W37 2O6G 0Y7Z	Expediente 236/2024/33	
	Fecha 23-01-2024	

ASUNTO: BASES IDIOMAS DO MUNDO 2024

## BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA MUNICIPAL DE BOLSAS IDIOMAS DO MUNDO 2024 DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 1º DE BACHARELATO DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DA CORUÑA

O Concello da Coruña, por medio da Concellaría da Área de Benestar Social da que depende o Servizo de Educación convoca o programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS IDIOMAS DO MUNDO 2024", no que se ofrece a oportunidade ao alumnado de 1º de Bacharelato, residente na cidade da Coruña, dunha estadía de catro semanas en Irlanda para perfeccionar o dominio de idioma inglés e profundar no coñecemento real doutra cultura.

Estas bases están condicionadas, en todo caso, tanto no número de prazas definitivas ofertadas como no seu desenvolvemento, á adxudicación do contrato de "xestión do programa educativo BOLSAS IDIOMAS DO MUNDO 2023-2024".

### **1. OBXECTO**

O obxecto destas bases é convocar axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para realizar unha estadía de catro semanas en Irlanda para mellorar as competencias lingüísticas daqueles alumnos matriculados nun centro educativo durante o curso 2023-2024 en 1º de Bacharelato.

A estes efectos convócanse un mínimo de 30 bolsas destinadas ao fin sinalado.

### **2. DESCRICIÓN**

A estadía en Irlanda desenvolverase en xullo ou agosto de 2024, preferentemente en xullo. O número de prazas será dun mínimo de 30, aínda que poderá verse incrementado por unha maior oferta da empresa adxudicataria da xestión do programa.

A xestión dos servizos que compoñen este programa realízase o Concello, mediante o contrato de prestación de servizos.

O programa inclúe:

- Estadía en Irlanda durante o período correspondente a catro semanas, vivindo cunha familia residente ou nunha residencia de estudantes.



# Concello da Coruña

- b) Curso preparatorio on line, previo á estadía, de 10 horas de duración durante unha semana, no que se impartirán conceptos básicos para manexarse no día a día no país de destino.
- c) Xestión integral dos preparativos da viaxe e asistencia técnica ás familias.
- d) Viaxe e desprazamentos de ida e volta dende A Coruña até a poboación de destino.
- e) Transporte interior, aloxamento e manutención en réxime de pensión completa en familias de acollida en destino ou en residencia de estudantes. A duración do traxecto entre o domicilio de residencia e o lugar onde se impartirán as clases non poderá ser superior a 30 minutos.
- f) Asistencia a clases intensivas de inmersión lingüística durante un mínimo de 15 horas semanais. As clases serán impartidas por nativos ou persoal acreditado co C2 (MCERL).
- g) Desenvolvemento dun programa lectivo extraescolar e de ocio que incluírá actividades deportivas e culturais así como unha visita semanal a un centro de interese histórico-cultural.
- h) Titoría e atención integral ao alumnado participante desde a saída ata o regreso, con acompañamento de monitores
- i) Seguimento e control por parte de persoal especializado (coordinador territorial) da vida do alumnado coa familia de acollida ou na residencia de estudantes, do seu comportamento e rendemento académico así como da súa vida social.
- j) Seguro de accidentes de responsabilidade civil cun importe mínimo de 150.000 € por participante

## **3. PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA**

3.1. A selección do alumnado participante realizarase por parte do Concello en réxime de concorrencia competitiva. Esta selección efectúase de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación, aplicando os criterios de valoración fixados nestas bases.

3.2. O procedemento para a selección do alumnado iniciarase de oficio, mediante a correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente do Concello, que se publicará na páxina web municipal ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Será a través da citada páxina onde o Servizo Municipal de Educación realizará as comunicacións aos participantes, sendo responsabilidade destes a consulta desta web para obter a información relativa a: listaxes, prazos, convocatorias de xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

## **4. REQUISITOS**

Poderá solicitar a participación neste programa e ser beneficiario destas axudas o alumnado escolarizado nun centro educativo do Concello da Coruña, que cumpra cos seguintes requisitos:

- 4.1 Estar en posesión do documento nacional de identidade (en diante, DNI) ou número de identidade de estranxeiro (en diante, NIE).



# Concello da Coruña

- 4.2. Residir e estar empadroado co seu pai, nai ou representante legal, no seu caso, no Concello da Coruña no momento da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP).
- 4.3. Estar matriculado e cursar 1º de Bacharelato nun centro escolar da cidade da Coruña no curso 2023-2024.
- 4.4. Contar no curso de 4º da ESO cunha cualificación media de 7 ou máis e non ter ningunha materia suspensa.
- 4.5. Contar no curso de 4º da ESO cunha cualificación de 7 ou máis na materia de inglés.
- 4.6. Non estar incurso nas prohibicións recollidas na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Este requisito, que inclúe non ter débedas co Concello da Coruña, será comprobado só no caso de resultar seleccionado, podendo dar lugar a que un solicitante inicialmente admitido pase a estar excluído por non cumprir este requisito na data de finalización do prazo de presentación de solicitude.

## **5. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DA BOLSA**

- 5.1. A persoa seleccionada ten que ter aprobadas en xuño todas as materias ao rematar o curso de 1º de Bacharelato e de non cumprirse esta condición perderá o seu dereito a desfrutar da bolsa, aínda que fose seleccionada.
- 5.2. A familia da persoa beneficiaria da bolsa deberá cumprir coa normativa legal con respecto á saída dos menores ao estranxeiro.
- 5.3. As persoas beneficiarias están obrigadas a participar en cantas reunións sexan convocadas.
- 5.4. Como resultado da valoración da renda económica da unidade familiar, segundo se establece nestas bases no artigo 6 punto 5, se a unidade familiar nuclear acadara as puntuacións de 9 ou 10 puntos, a solicitude da bolsa implica a autorización por parte dos proxenitores da persoa solicitante a unha posible intervención por parte dos Servizos Sociais do Concello da Coruña, para un posible estudo informativo das circunstancias de vulnerabilidade socioeconómica nas que poida atoparse o menor solicitante.
- 5.5. As familias que teñan que asumir unha porcentaxe da bolsa están obrigadas a abonala á empresa adjudicataria da xestión do programa no momento no que acepten a praza concedida. A porcentaxe e a cantidade indícanse na relación definitiva de persoas seleccionadas que será publicada na web educativa.
- 5.6. As persoas que necesiten visado para a realización da estada en Irlanda deberán de dispoñer do mesmo polo menos con 15 días de antelación previos ao viaxe. A tramitación do visado será responsabilidade exclusiva da persoa solicitante.

O incumprimento destas obrigacións implicará a exclusión do programa, despois da resolución motivada do órgano competente



## 6. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

6.1. Na valoración das solicitudes atenderase ao concepto de unidade familiar nuclear, entendendo polo mesma a composta, no momento da solicitude, polas seguintes persoas: a persoa solicitante, os seus irmáns/irmás solteiros menores de 25 anos ou maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada que convivan no mesmo domicilio e as persoas proxenitoras que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a súa tutela.

6.2. Serán seleccionadas as persoas solicitantes que obteñan maior puntuación coa suma das obtidas nos seguintes bloques:

- A. Cualificación media en 4º curso da ESO.
- B. Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 4º curso da ESO.
- C. Situación económica da unidade familiar nuclear.
- D. Situación sociofamiliar.

### 6.3 Cualificación media en 4º curso da ESO. Ata 4 puntos.

Tendo en conta o requisito “Contar no curso de 4º da ESO cunha cualificación media de 7 puntos ou máis”, obterase unha puntuación de 0,10 por cada 0,10 adicional respecto da cualificación; agás nas puntuacións comprendidas entre 9,10 e 10 puntos, nas que a puntuación outorgada será de 0,20 puntos por cada 0,10 adicional. Só se computarán as décimas da cualificación, desprezando as centésimas, tal como se reflicte na táboa seguinte:

7	0
7,1	0,1
7,2	0,2
7,3	0,3
7,4	0,4
7,5	0,5
7,6	0,6
7,7	0,7
7,8	0,8
7,9	0,9
8	1
8,1	1,1
8,2	1,2
8,3	1,3
8,4	1,4
8,5	1,5
8,6	1,6
8,7	1,7
8,8	1,8
8,9	1,9
9	2
9,1	2,2
9,2	2,4
9,3	2,6
9,4	2,8



# Concello da Coruña

9,5	3
9,6	3,2
9,7	3,4
9,8	3,6
9,9	3,8
10	4

## 6.4 Cualificación final da materia de lingua estranxeira (inglés) en 4 curso da ESO. Ata 4 puntos.

Tendo en conta o requisito “Contar no curso de 4 da ESO cunha cualificación de 7 puntos ou máis na materia de lingua estranxeira (inglés), obterase unha puntuación de 0,10 por cada 0,10 adicional respecto da cualificación, agás nas puntuacións comprendidas entre 9,10 e 10 puntos, nas que a puntuación outorgada será de 0,20 puntos por cada 0,10 adicional.. Só se computarán as décimas da cualificación, desprezando as centésimas, tal como se reflicte na táboa seguinte:

7	0
7,1	0,1
7,2	0,2
7,3	0,3
7,4	0,4
7,5	0,5
7,6	0,6
7,7	0,7
7,8	0,8
7,9	0,9
8	1
8,1	1,1
8,2	1,2
8,3	1,3
8,4	1,4
8,5	1,5
8,6	1,6
8,7	1,7
8,8	1,8
8,9	1,9
9	2
9,1	2,2
9,2	2,4
9,3	2,6
9,4	2,8
9,5	3
9,6	3,2
9,7	3,4
9,8	3,6
9,9	3,8
10	4

## 6.5 Situación económica da unidade familiar nuclear. Ata 10 puntos.

6.5.1 O cálculo da situación económica virá determinado pola **renda anual da unidade familiar nuclear**, que se obterá da suma dos ingresos dos proxenitores que teñan atribuída a garda e custodia ou persoas que ostenten a tutela, conforme as seguintes circunstancias:



## Concello da Coruña

- a) No caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa compartida por ambas persoas proxenitoras, serán obxecto de valoración os seus ingresos computándose aos dous como membros da unidade familiar nuclear.
- b) No caso de que a custodia da persoa solicitante (alumna/o) sexa en exclusiva, serán obxecto de valoración os ingresos do proxenitor custodio, engadíndose as contías das pensións alimenticias, aprobadas xudicialmente, de ser o caso. As ditas pensións actualizaranse segundo o indicado nas resolucións xudiciais correspondentes.
- c) No caso de que a proxenitora acredite unha situación de violencia de xénero por calquera dos medios do art. 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, mediante un documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores á data de presentación da solicitude, non se terán en conta os ingresos da persoa agresora para determinar a renda da unidade familiar nuclear.
- d) Nos casos en que as medidas paterno-filiais establezan a custodia compartida para ambas persoas proxenitoras, pero sexa exercida só por unha delas, serán obxecto de valoración só os ingresos da persoa proxenitora que convive coa persoa solicitante.
- e) Nos casos de incumprimento das obrigas do pago das pensións alimenticias nas custodias en exclusiva, computaranse só os ingresos do proxenitor custodio.

### 6.5.2 Para o cálculo da renda anual da unidade familiar nuclear atenderase a:

- a) A declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas do exercicio fiscal 2022 (Modelo D-100 do IRPF).

Con carácter xeral sumaranse os importes dos recadros correspondentes á base imponible xeral e á base imponible do aforro do exercicio presentado a efectos de valoración e restarase a cota resultante de autoliquidación (recadros 435, 460 e 595, respectivamente).

No caso de que a declaración do Imposto da Renda das Persoas Físicas presentada a efectos de valoración fose na modalidade conxunta para os proxenitores, pero da configuración actual da unidade familiar nuclear resulte computable unha única persoa proxenitora, computaranse ao 50% a totalidade da renda declarada no dito exercicio económico.

- b) No caso de que as persoas non estean obrigadas a presentar a declaración do IRPF, consultarase o certificado de imputación de rendas do exercicio económico a efectos de valoración. Para estes efectos, sumaranse os ingresos dos rendementos do traballo, do capital mobiliario e as ganancias e perdas patrimoniais suxeitas a retención, ao que se restarán os gastos deducibles do traballo no devandito período.
- c) As pensións de alimentos actuais establecidas nas resolucións xudiciais en relación co/coa menor solicitante. As ditas pensións non computarán en caso de falta de pagamento sempre que se solicítase a execución do título xudicial.
- d) Excepcionalmente, no caso de que non sexa posible a obtención de datos sobre os ingresos por non constar de alta a persoa no Censo de Contribuíntes da AEAT no exercicio de renda presentado a efectos de valoración, terase en conta os ingresos que se deduzan da



# Concello da Coruña

declaración xurada, da vida laboral e do resto da documentación presentada de conformidade co previsto no punto 9.2.e) desta convocatoria.

- e) No caso de que, logo de realizar a consulta previamente autorizada, a Axencia Tributaria non facilite os datos económicos das persoas interesadas por existir incidencias pendentes de resolver coa súa declaración, requirirase á persoa interesada para que achegue unha copia da documentación necesaria que permita comprobar a súa situación económica consonte ó sinalado neste apartado.

6.5.3 Unha vez fixada a renda anual da unidade familiar, aplicarase o seguinte baremo, atendendo ao número de persoas computables da unidade familiar nuclear:

PUNTOS	Renda anual unidade familiar nuclear de 2 MEMBROS		Renda anual unidade familiar nuclear de 3 MEMBROS		Renda anual unidade familiar nuclear de 4 MEMBROS		Renda anual unidade familiar nuclear de 5 ou máis MEMBROS	
	TRAMOS		TRAMOS		TRAMOS		TRAMOS	
10	0,00 €	13.440,00 €	0,00 €	17.640,00 €	0,00 €	21.000,00 €	0,00 €	23.520,00 €
9	13.441,00 €	16.940,00 €	17.641,00 €	22.140,00 €	21.001,00 €	26.501,00 €	23.521,00 €	29.521,00 €
8	16.941,00 €	20.440,00 €	22.141,00 €	26.640,00 €	26.502,00 €	32.002,00 €	29.522,00 €	35.522,00 €
7	20.441,00 €	23.940,00 €	26.641,00 €	31.140,00 €	32.003,00 €	37.503,00 €	35.523,00 €	41.523,00 €
6	23.941,00 €	27.440,00 €	31.141,00 €	35.640,00 €	37.504,00 €	43.004,00 €	41.524,00 €	47.524,00 €
5	27.441,00 €	30.940,00 €	35.641,00 €	40.140,00 €	43.005,00 €	48.505,00 €	47.525,00 €	53.525,00 €
4	30.941,00 €	34.440,00 €	40.141,00 €	44.640,00 €	48.506,00 €	54.006,00 €	53.526,00 €	59.526,00 €
3	34.441,00 €	37.940,00 €	44.641,00 €	49.140,00 €	54.007,00 €	59.507,00 €	59.527,00 €	65.527,00 €
2	37.941,00 €	41.440,00 €	49.141,00 €	53.640,00 €	59.508,00 €	65.008,00 €	65.528,00 €	71.528,00 €
1	41.441,00 €	44.940,00 €	53.641,00 €	58.140,00 €	65.009,00 €	70.509,00 €	71.529,00 €	77.529,00 €
0	44.941,00 €		58.141,00 €		70.510,00 €		77.530,00 €	

6.5.4 A falta de xustificación das circunstancias que permitan determinar a renda anual familiar que corresponda, motivará a non asignación de puntuación neste apartado.

## 6.6 Situación sociofamiliar. Máximo 2 puntos.

Atenderanse ás seguintes circunstancias sociofamiliares recollidas na seguinte táboa:

Situación sociofamiliar	Puntos
<b>Discapacidade</b> do alumno/a solicitante	0,50 puntos
Alumno/a solicitante pertencente a <b>familia numerosa</b> legalmente recoñecida	0,50 puntos
<b>Violencia de xénero</b> da proxenitora	0,50 puntos
Situación de <b>acollemento familiar</b> do alumno/a solicitante	0,50 puntos
Alumno/a solicitante pertencente a unha familia coa condición de <b>monoparentalidade</b>	0,50 puntos



# Concello da Coruña

6.7 Nos casos de empate nas puntuacións obtidas, establécense como medidas de desempate os seguintes criterios de valoración:

1. Menores ingresos na renda familiar
2. Maior nota obtida na media de 4º curso da ESO
3. Maior nota obtida no idioma inglés en 4º curso da ESO
4. No caso de persistir os empates dentro de cada grupo, resolverase por sorteo.

6.8 A valoración das solicitudes presentadas farase sobre a base da documentación que as persoas solicitantes acheguen e da que se incorpore ao expediente como resultado da consulta de datos entre administracións. O Concello resérvase a potestade de requirir calquera outra documentación para acreditar os feitos alegados e a comprobación da puntuación obtida.

## **7. ACHEGAS DAS FAMILIAS**

7.1 A participación no programa de IDIOMAS DO MUNDO non implica a total gratuidade para o alumnado beneficiario. As familias, en función da puntuación obtida na situación económica da unidade familiar nuclear do punto 6.5 desta convocatoria, achegarán as cantidades que lles correspondan segundo as porcentaxes sinaladas na táboa recollida neste apartado:

Puntuación obtida situación económica da unidade familiar nuclear	Porcentaxe de achega das familias
De 5 a 10 puntos	Gratuidade
4 puntos	5%
3 puntos	10%
2 puntos	15%
1 punto	20%
0 puntos	30%

7.2 A estes efectos o prezo estimado do custo/praza é de 4.988 €, sen prexuízo de verse rebaixado en función do prezo de adxudicación ofertado pola empresa que xestione o programa.

## **PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO**

## **8. SOLICITUDES, PRESENTACIÓN E PRAZO**

8.1 A solicitude de participación no programa realizarase a nome do alumno/a na páxina web municipal [www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion) a través da ficha específica do programa "A CORUÑA NO MUNDO: BOLSAS IDIOMAS DO MUNDO 2024". Unha vez feita a inscrición, o sistema elabora un xustificante de confirmación que se envía ao correo electrónico facilitado na solicitude. Este xustificante ten un





# Concello da Coruña

número de asignación (ID), que será o de referencia de cada expediente no proceso. Esta solicitude de participación no programa é un trámite previo necesario para poder formular validamente a solicitude da axuda propiamente dita e non ten en ningún caso a consideración de solicitude da axuda.

8.2 A solicitude de participación debidamente asinada pola persoa solicitante e a persoa ou persoas que teñen a patria potestade ou tutela sobre o/a participante, a documentación complementaria do expediente e o xustificante de confirmación da inscrición en liña, deberá presentarse no rexistro municipal ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2012, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

8.3. O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e na web educativa do Concello ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)).

## 9. ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN

9.1 Deberase presentar por Rexistro e en todas as solicitudes, e dentro do prazo sinalado no punto 8.1 desta convocatoria, a seguinte documentación con carácter preceptivo:

- a) Resgado da **ficha de solicitude** que se cubriu en liña (trátase do documento en PDF enviado ao correo electrónico unha vez feita a inscrición) e no que se acepta a participación no programa e as bases que o regulan. Este documento debe de estar asinado pola persoa solicitante e os proxenitores ou representantes legais do menor, no seu caso.

Coa sinatura da solicitude a persoa solicitante autoriza a consulta que acredita o cumprimento dos seguintes requisitos ou circunstancias, salvo oposición expresa e motivada:

- **Empadramento** no Concello da Coruña.
- **Datos tributarios**

No caso de oposición á consulta, a persoa solicitante deberá presentar xunto coa solicitude dita documentación.

- b) Fotocopia do DNI O NIE dos membros da unidade familiar.
- c) **Certificado académico das cualificacións** correspondentes a 4º da ESO do curso académico 2022-2023.
- d) **Certificado de matrícula do curso 2023-2024**, onde conste nome da persoa solicitante, datos do centro e curso no que estea matriculada.

9.2 Deberase presentar por Rexistro, e dentro do prazo sinalado no punto 8.1 desta convocatoria, a seguinte documentación xustificativa doutras circunstancias a valorar:

- a) **Libro de familia completo ou documento equivalente expedido por un organismo oficial que acredite a filiación** ou, no caso de existir outra relación coa persoa solicitante, a documentación xudicial ou administrativa que verifique dito vínculo.

b) Relativa á unidade familiar nuclear da persoa solicitante. Nos casos de custodias atribuídas ou exercidas por unha persoa proxenitora:

1. Existencia dunha única persoa proxenitora. Libro de familia completo acompañado, de ser o caso, certificado de defunción da outra persoa proxenitora.



## Concello da Coruña

2. Dúas persoas proxenitoras e unha delas ten atribuída en exclusiva a custodia da persoa solicitante. Presentarase copia da sentenza ou convenio regulador aprobado xudicialmente que verifique esta circunstancia e na que se establezan as medidas paterno-filiais, que en todo caso debe ser a máis recente.

3. Situación de violencia de xénero acreditada por calquera dos medios do art.5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Neste caso deberá presentarse un documento en vigor dos sinalados no artigo anterior ou ben expedido nos doce meses anteriores a data de presentación da solicitude da axuda.

4. Nos casos de incumprimento das obrigas da custodia compartida, e sempre que o menor solicitante conviva de feito cun dos proxenitores, poderase acreditar o dito incumprimento a través da presentación da correspondente demanda xudicial.

c) Relativa a unidade familiar nuclear da persoa solicitante. Nos casos de custodias compartidas por sentenza xudicial: presentarase a copia da sentenza ou do convenio regulador aprobado xudicialmente.

d) No caso de non se autorizar na solicitude en liña a consulta de datos tributarios, deberán achegar as certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT) das declaracións de IRPF individuais de ambos proxenitores ou conxunta, correspondentes ao exercicio 2022 ou a certificación expedida pola AEAT acreditativa da situación de non obrigación a declarar se é o caso.

e) Para os casos nos que non sexa posible a obtención de datos económicos para ambos ou algún dos proxenitores (non constar dado de alta no censo de contribuíntes, persoas sen DNI/NIE ou persoas sen exercicio profesional ou laboral en España desde a súa chegada ao país) será obrigatoria que se presente unha declaración xurada que deberá vir asinada polos proxenitores afectados por esta circunstancia. Cada proxenitor deberá facer constar os seus ingresos obtidos nos últimos doce meses, así como a súa procedencia.

Xunto coa declaración xurada deberá achegar a súa vida laboral e, no caso de traballar en España, copia de:

- As nóminas dos últimos seis meses anteriores a data da solicitude, no caso de traballadores por conta allea.
- As declaracións tributarias trimestrais relativas ao período anterior, no caso de traballo por conta propia.

d) A situación de *discapacidade* da persoa solicitante ou dos irmáns/irmás da unidade familiar nuclear acreditarase co certificado expedido pola Xunta de Galicia ou organismo oficial competente na materia do grao de minusvalía.

e) A situación de *violencia de xénero* acreditarase a través de calquera dos medios que permite o art.5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cun documento acreditativo en vigor ou expedido nos doce meses anteriores a data de presentación da solicitude, dos seguinte sinalados pola Lei:

1. Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.



# Concello da Coruña

2. Resolución xudicial de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas na presente lei.
3. Certificación dos servizos de acollida da administración pública autonómica ou local.
4. Informe do Ministerio Fiscal no que se indique a existencia de indicios de violencia.
5. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.

f) No caso de persoas solicitantes que se atopan en situación de *acollemento familiar* será necesario presentar copia da resolución administrativa ou xudicial que acredite esta circunstancia.

g) A situación de familia numerosa acreditarase presentando copia do título de familia numerosa.

h) A situación de pertenza a unha *familia coa condición de monoparentalidade* acreditarase coa presentación do certificado de monoparentalidade expedido pola Dirección Xeral de Familia da Xunta de Galicia ou a que se considere competente neste caso,

9.3 Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificados documental e correctamente, tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria, nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes, en calquera intre, aclaración da documentación presentada.

## **10. COMPROBACIÓN DE DATOS**

10.1 Unha vez recibidas as solicitudes para a tramitación deste procedemento consultarase os datos en base á documentación presentada o á consulta automática daqueles que foran autorizados.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán achegar os documentos correspondentes.

10.2 No caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos datos, que poden ser consultados automaticamente previa autorización, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

## **11. INSTRUCIÓN, VALORACIÓN DAS SOLICITUDES E PROPOSTA DE RESOLUCIÓN PROVISIONAL**

11.1.- A valoración das solicitudes presentadas e a proposta de selección das persoas beneficiarias desta convocatoria será realizada por unha **Comisión de Valoración**.

11.2.- A Comisión de valoración estará composta por:

- Un representante da Concellería de Educación nomeado para tal fin, que presidirá a comisión
- Dous técnicos/as de Educación, un deles exercerá de secretario/a
- Un técnico/a de Servizos Sociais

11.3.- Esta comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poida xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria.



## Concello da Coruña

11.4.- Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Educación, como responsable da instrución do procedemento, revisará a documentación presentada e verificará o cumprimento de todos os requisitos así como a presentación da documentación de carácter preceptiva establecida na convocatoria.

Finalizada a comprobación de solicitudes recibidas faranse públicas tres listaxes, a de persoas admitidas, a de persoas excluídas que precisan de emenda e a de persoas excluídas por non cumprir os requisitos recollidos no artigo 4 destas bases, facendo constar as causas de exclusión.

Fronte a esta listaxe abrírase un prazo de 10 días hábiles, a partir da publicación no portal de Educación do Concello da Coruña ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)) e no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello, para que emenden as faltas detectadas (<https://sede.coruna.gob.es/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>).

A información tamén poderá estar dispoñible na páxina web municipal ([www.coruna.gal/educacion](http://www.coruna.gal/educacion)) e no teléfono de información cidadá 010 do Concello da Coruña.

No caso de que a emenda se refira á acreditación do cumprimento de requisitos do apartado 4 ou á presentación da documentación do apartado 6 da convocatoria, advertirase que en caso de non atender ao requirimento ou non facelo adecuadamente teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21.1 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En todo caso, os interesados poderán en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia achegar documentos, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

11.5.- A persoa titular da Xefatura de Servizo de Educación ou a persoa que a substitúa como órgano instrutor, á vista do expediente, e do informe da Comisión de Valoración, formulará a proposta de resolución provisional, que debidamente motivada, publicarase no portal de Educación do Concello da Coruña e no taboleiro de anuncios e edictos municipal situado na sede electrónica do concello, e indicará a listaxe de persoas propostas para a concesión das prazas, seguidas das solicitudes que, aínda cumprindo os requisitos esixidos, non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar a listaxe de agarda, finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas coa expresión da súa causa.

A publicación realizada nos lugares indicados no apartado 11.4 da convocatoria iniciará o cómputo dun prazo para que os interesados poidan presentar alegacións e que será de dez (10) días hábiles.

11.6.- As alegacións poderán facer referencia á existencia de erros na puntuación obtida, a proposta de denegación da praza ou outras circunstancias sen que poida realizarse nesta fase do procedemento a emenda de documentación requirida anteriormente si non se atendeu ao requirimento, nin achegar en fase de alegacións nova documentación que non obrase xa no expediente e dea lugar a un cambio da puntuación inicial.



## **12. PROCEDIMENTO: ALEGACIÓNS, CONCESIÓN E RESOLUCIÓN DAS PRAZAS.**

12.1.-Logo de examinar as alegacións presentadas, a Comisión de Valoración realizará un informe final, que se elevará ao órgano instrutor, que elaborará a proposta de resolución definitiva.

12.2.-Publicaranse as **listaxes definitivas derivadas da proposta de resolución definitiva** do órgano instrutor na páxina web educativa. As listaxes comprenderán:

- a) O alumnado seleccionado, sinalando as puntuacións acadadas e a achega das familias en base ao punto 7 da convocatoria.
- b) O alumnado que, cumprindo os requisitos, non acada o número de orde que lles permita participar no programa por exceder do número de prazas. Este alumnado constituirá a listaxe de agarda.

12.3.- A firmeza desta adxudicación quedará condicionada a que estea formalizado un contrato coa empresa xestora que garanta a viabilidade do programa, e á aceptación do alumnado seleccionado.

## **13. ACEPTACIÓNS E RENUNCIAS**

13.1. Unha vez publicada a listaxe definitiva, as persoas seleccionadas disporán dun prazo de 5 días hábiles para a súa aceptación, que deberá ser asinada por ambos proxenitores ou titores legais e comunicada por escrito ao SME, a través dos rexistros municipais ou en calquera das dependencias a que se refire o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

13.2. Transcorrido o dito prazo, sen que se produza tal comunicación, entenderase que renuncia a súa participación no programa.

13.3. De se presentar a comunicación por medio dalgún rexistro non municipal deberase remitir copia escaneada da mesma (co selo de rexistro de entrada) por correo electrónico á seguinte dirección do SME ([educacion@coruna.gal](mailto:educacion@coruna.gal)) dentro do prazo de aceptación.

13.4. No caso de aceptación por parte da persoa beneficiaria deberase achegar, así mesmo, o **xustificante bancario do pagamento á empresa adxudicataria** do importe correspondente á achega familiar.

13.5. O pagamento da achega familiar correspondente non terá devolución no caso de renuncia ou abandono posterior, salvo causa grave debidamente xustificada. A non xustificación do ingreso da cantidade indicada, dentro do prazo, implica a renuncia á praza adxudicada.

13.6.- Transcorrido o prazo anterior, e no caso de producirse modificacións na listaxe definitiva coa incorporación de persoas procedentes da listaxe de agarda, a Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, por delegación da Xunta de Goberno Local outorgada mediante acordo publicado no BOP da Coruña nº 131 o 11 de xullo de 2023, resolverá a convocatoria.

13.7.- A resolución definitiva poñerá fin á vía administrativa, e contra ela, cabe interpoñer de maneira potestativa recurso de reposición, no prazo dun mes ou poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado da Xurisdición



# Concello da Coruña

Contencioso-Administrativa. Nos dous casos, computarase o prazo a partir do día seguinte ao da publicación oficial da resolución da concesión definitiva.

## **14. REINTEGROS**

14.1 Será causa de reintegro da aportación municipal por parte das familias do importe equivalente da axuda concedida, de conformidade co artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- A renuncia ou abandono do programa, unha vez aceptado, sen unha causa grave debidamente xustificada.
- Non presentarse no punto de saída sinalado para o inicio da viaxe sen causa grave debidamente xustificada.
- Non posuír a documentación necesaria para a realización da viaxe, para o alumnado participante.
- A obtención da axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que a impedirían.

## **15. ABANDONO OU EXPULSIÓN DURANTE A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**

15.1 Un comportamento non apropiado poderá supoñer a expulsión deste programa e o final da estadía por causas de igual ou similar natureza ás seguintes:

- ✓ De ser o caso, o incumprimento das leis do país de destino
- ✓ Incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento da actividade.
- ✓ Consumo de alcohol e/ou de substancias ilegais.
- ✓ Automedicación sen autorización médica
- ✓ Conductas problemáticas e inadecuadas
- ✓ Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes eidos tanto no centro escolar coma na residencia das familias de acollida.

15.2 A expulsión do programa suporá o pagamento de regreso e do custo total do programa, así como, de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas.

15.3 No caso de que a persoa participante decidise, pola súa libre iniciativa, abandonar o programa antes da súa finalización, o custe íntegro da viaxe de regreso será responsabilidade da súa familia.

15.4 Tanto no caso de expulsión como de abandono do programa, o contratista deberá prestarlle o apoio necesario para garantir a súa seguridade durante a viaxe de retorno.

## **16. PROTECCIÓN DE DATOS**



# Concello da Coruña

16.1 Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o “Programa municipal de BOLSAS IDIOMAS DO MUNDO 2024”.

16.2 O Concello da Coruña ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da normativa europea sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

16.3 A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello da Coruña no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

16.4 O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

16.5 Os datos serán obxecto de cesión á empresa adxudicataria da xestión do programa municipal de BOLSAS IDIOMAS DO MUNDO, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

16.6 As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade.

## **17. CONDICIÓNS DA PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA**

17.1 A concesión definitiva da bolsa quedará condicionada:

- ✓ Á adxudicación e formalización do contrato de xestión do programa cunha empresa especializada.
- ✓ Ás posibles restricións ou esixencia de requisitos que impidan o desenvolvemento do programa ou aconsellen, por motivos de saúde pública e de protección dos menores, a súa suspensión.
- ✓ Ao cumprimento dos requisitos esixidos polas autoridades irlandesas para participar no programa de intercambio da persoa seleccionada, así como á concesión do visado correspondente.
- ✓ Á existencia dun fogar de acollida e un centro educativo que permita a inclusión do alumnado con diversidade funcional adxudicatario da bolsa en igualdade de condicións que o resto dos participantes.

17.2 O Concello resérvase o dereito a non resolver o procedemento establecido nestas bases se no seu proceso se dan algunhas das condicións sinaladas que impidan o seu desenvolvemento.

17.3 A adquisición de dereitos polo beneficiario da bolsa queda, polo tanto, condicionada polo sinalado nos parágrafos anteriores sen que dea lugar, no caso de que se produza algunha destas circunstancias, a indemnización de ningún tipo por parte do concello.



# Concello da Coruña

## 18. RECURSOS

Fronte a estas bases, e ás resolucións administrativas que se adopten na súa execución, cabe interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte á súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

A Coruña, na data de sinatura electrónica.